# Adaptación da programación de Xeografía e Historia 3º ESO

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| TEMA 1: HUMANISMO E RENACEMENTO | |
| 1. Comprender a significación histórica da etapa do Renacemento en Europa. | 1. Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.). |
| 2.2.Relacionar o alcance da nova ollada dos humanistas, artistas e científicos do Renacemento con etapas anteriores e posteriores. | 2.1. Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos. |
| 3.Coñecer a importancia da arte renacentista en Europa e en España | 3.1. Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época. |
| Tema 2: OS INICIOS DA IDADE MODERNA | |
| 1. 1.Comprender a diferenza entre os reinos medievais e as monarquías modernas. | 1.1.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos. |
| 2.1.. Coñecer a organización social e as principais actividades de desenvolvemento económico | 2.1.1 Explica a orden social da época moderna así como as principais actividades económicas e a importancia destas. |
| 3.1. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna.<br>3.2. Analizar aspectos como a política relixiosa que levou a unha única relixión<br>4.1. Describir cal era a situación de América antes do descubrimento.<br>4.2. Analizar o proxecto de Critobal Colón | 3.1.1 Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos.<br>3.2.1 Interpreta a unión relixiosa como un aspecto propio da época e o pon en relación coa situación actual. |
| Tema 3: A ÉPOCA DE REFORMAS E A HEXEMONÍA HISPÁNICA | |
| 1.1. Analizar a crise da igrexa católica dos séculos XV e XVI.<br>1.2. Coñecer as novas propostas relixiosas: Reformas e contra reforma católica<br>2.1. Descubrir o poder hexemónico de España baixo o goberno de Carlos V e Filipe II | 1.1.1 Describe a situación da igrexa católica antes das reformas relixiosas.<br>1.2.1 Compara as novas propostas relixiosas e a resposta que dan a situación da igrexa católica<br>1.2.2 Analiza con espírito crítico a contrareforma relixiosa. |
| 2.2. Coñecer as loitas internas e externas que se levaron a cabo co fin de manter a hexemonía española e ampliar o seu poder | 2.1.1 Analiza os conflitos que mantiveron os monarcas hispanos co fin de aumentar o manter o seu imperio.<br>2.2.1. Estuda os conflitos dentro do territorio da Península e os compara cos que temos hoxe en día. |
| 3.1 Entender os procesos de conquista e colonización, e as súas consecuencias. | 3.1.1. Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América. |

| Tema 4: O ABSOLUTISMO E O FIN DA HEXEMONÍA HISPÁNICA | |
|---|---|
| 1.1 Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico. | 1.1.1 Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. |
| 2.1. Analizar o aumento da poboación e as manifestacións do seu descontento.<br>2.2. Coñecer as novas teorías económicas que levaron ao crecemento e desenvolvemento comercial. | 2.1.1 Relaciona a situación da poboación co ciclo demográfico estudado en xeografía.<br>2.2.1 Explica as causas do descontento da poboación nesta época.<br>2.2.1. Comprende a teoría do mercantilismo e a pon en relación co crecemento do comercio |
| 3.1 Coñecer trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa. | 3.1.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos". |
| 4.1 Analizar as causas da decadencia política e económica dos reinos hispánicos.<br>4.2. Situar o Século de Ouro da literatura dentro deste proceso de decadencia. | 4.1.1. Explica aspectos do século XVII que demostran a decadencia do imperio<br>4.2.1. Utiliza textos do Século de Ouro para explicar a situación Española nesta época. |
| Tema 5: A CULTURA E A ARTE BARROCA | |
| 1.1. Analizar os cambios no pensamento da época.<br>1.2. Relacionar o novo pensamento co desenvolvemento científico. | 1.1. Identifica as novas formas de pensamento cun espírito crítico e racional<br>1.2. Crea unha táboa onde se rexistra o pensamento dos novos científicos, a implicación deste no seu tempo e o que supuxo para o desenvolvemento da ciencia e do pensamento actual. |
| 2.1 Coñecer a importancia da arte renacentista e barroca en América, en Europa e en España. | 2.1.1. Coñece obras e legado de artistas da época e identificar en elas as características propias desta corrente artística. |
| 3.1 Coñecer a importancia dalgúns autores e obras destes séculos. | 3.1.1 Analiza obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto. |

| 2.Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | **Procedementos:**<br>Cada un dos traballos elaborados ao longo da terceira avalición cualificaranse de 0 a 10, e terase en conta a calidade, presentación, redacción, orixinalidade e o abordaxe dos aspectos clave.<br>Terase en conta tamén a Atención ao alumnado con necesidades especiais. Contarase co apoio do departamento de Orientación á hora de establecer unha nota nos casos dubidosos.<br>Valorarase o peso na nota de cada actividade, segundo a súa dificultade, e adecuación ás competencias clave e estándares de aprendizaxe. |
| | **Instrumentos:**<br>• Definicións.<br>• Exercicios do libro de texto.<br>• Tarefas sobre materiais audiovisuais.<br>• Traballos de investigación. |
| **Cualificación final** | A base da nota será a nota da 2ª avaliación ou a media da 1ª e da 2º, escollendo o procedemento maís favorable para o alumnado. A esa nota media sumaranse ata 2 puntos obtidos das actividades do 3º trimestre.<br>O alumnado coa cualificación suspensa a o final da segunda avaliación deberá facer un plan de recuperación terá que permitirá subir a cualificación ata 3 puntos sobre a nota base.<br>Será a media aritmética da nota obtida na 1ª e a 2ª avaliación, á que se sumará un máximo de 2 puntos a valorar das actividades que se fagan na 3ª avaliación. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | Realizarase de maneira presencial se fose posible, ou ofertarase algunha alternativa telemática se non o fose.<br>A materia a avaliar comprenderá só o impartido durante a 1ª e 2ª avaliación. |
| **Alumnado de materia pendente** | Non hai alumnado destas características en 1º ESO |

| 3.Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Afondarase na materia de maneira telemática, avanzando no temario coa maioría do alumnado substituíndo o papel explicativo do decente, por recursos axeitados ao nivel: vídeos extraídos de filmes e documentais, novas de medios de comunicación, esquemas, podcast, documentos gráficos, presentacións, textos históricos e  o libro de texto. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Con conectividade: todo o material estará dispoñible na Aula virtual, nela teñen colgado todo o material explicativo e as tarefas para entregar, separadas por temas.<br>Sen conectividade: hai un correo electrónico de contacto no que poden solicitar o material, e varios alumnos usan tamén para facer entregas das actividades, por arquivo ou simplemente unha foto do caderno. A maior parte das tarefas poden desenvolverse co libro de texto. |
| **Materiais e recursos** | Aula Virtual<br>Correo electrónico<br>Videoconferencias: Cisco Webex e Zoom<br>Directos de Youtube<br>Libro de texto (Edelvives) |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Na Aula Virtual,  a través do Calendario de Actividades semanais  publicado na web do centro. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |